



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES, SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA-APROL RURAL, EXP: TR351G 2022/47-1- EXP. GESTIONA: 1113/2022.

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 13 de xuño de 2022, réunese o tribunal designado para a selección das prazsa, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogal: José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco.

O obxecto da sesión é proceder á valoración da fase de oposición, establecida na base 8ª.

Tal e como se reflicte na base 8ª, a fase de oposición (Puntuación máxima 10 puntos) A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio.- Exercicio práctico, consistente na realización dunha proba de capacitación, nun tempo máximo de 30 minutos, este exercicio será cualificado entre 0 e 10 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos.

Segundo exercicio.- En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega (CELGA 1 ou equivalente) terán unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de vinte minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto.

Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos tres membros acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	CASO PRÁCTICO	GALEGO	TOTAL
BLANCO SILVA MÓNICA	9	Exento	9
PÉREZ SIEIRA MARIANA	9	Exento	9
GONZÁLEZ LESTÓN SUSANA	8	Exento	8
CARREIRA SANTABAYA MARCELINO	6	apto	6
MUÑOS SOÑORA RAMÓN	6	Exento	6
TRIÑANES ROMERO ANTÍA	6	Exento	6
RIVEIRO OLVEIRA JOSÉ MANUEL	5	Exento	5
PONTE MAYÁN MARÍA ELENA	4	Exento	4
SOBRIDO PARADA JUAN MANUEL	4	-	4
SAMPEDRO PONTE FÁTIMA	3	Exento	3

Tal como se recolle no apartado 8º) das bases que regulan este proceso selectivo:

Puntuación final. Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación **En caso de empate, terá preferencia o que acredite maior puntuación na proba práctica, de persistir o**

empate terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro.

APELIDOS E NOME	CASO PRÁCTICO	GALEGO	Desempate orde entrada no rexistro	TOTAL
PÉREZ SIEIRA MARIANA	9	Exento	2022-E-RC-2803	9
BLANCO SILVA MÓNICA	9	Exento	2022-E-RC-2819	9
GONZÁLEZ LESTÓN SUSANA	8	Exento	2022-E-RC-2878	8
TRINANES ROMERO ANTÍA	6	Exento	2022-E-RC-2801	6
MUIÑOS SOÑORA RAMÓN	6	Exento	2022-E-ER-3006	6
CARREIRA SANTABAYA MARCELINO	6	Apto	2022-E-ER-3095	6
RIVEIRO OLVEIRA JOSÉ MANUEL	5	Exento		5

2º) Propoñer á Alcaldía-Presidencia aos seguintes participantes por ser os candidatos que acadaron a maior puntuación na realización do procedemento de selección: PÉREZ SIEIRA MARIANA e BLANCO SILVA MÓNICA.

3º) Bolsa de emprego: A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases terá unha validez máxima de tres (3) anos salvo que o concello decida anulala ou deixala sen efecto con anterioridade.

4º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son, **no prazo de 2 días hábiles**, dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello (sede electrónica) e na web municipal, no apartado de emprego) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**
- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **No caso de que o/a aspirante nunca estivera de alta na Seguridade Social, copia do documento de afiliación á Seguridade Social.**

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

